

PREMIO XORNALÍSTICO



Manuel Reimón Portela

**XXII EDICIÓN
2017**

BASES

1

Convócase a XXII edición do Premio Xornalístico “Manuel Reimón Portela”

2

O Premio outorgarase ao mellor traballo ou serie de traballos (ata un máximo de cinco), publicados en lingua galega, en calquera dos medios de comunicación escritos

3

A dotación económica do Premio será de 1000 €. O premio estará suxeito ás correspondentes obrigas tributarias.

4

Ao Premio poderanse presentar traballos publicados ata o día 31 de agosto do 2017. O prazo de recepción rematará o día 6 de setembro de 2017.

5

Os autores e autoras ou calquera lector poderá enviar un exemplar dos traballos publicados, no que conste a data de publicación, o/a autor/a e o medio, á sede da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, Zona Deportiva s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra, ou ao enderezo fecae@feiradomoble.com.

6

O xurado cualificador estará integrado por membros do Comité de Seguimento do Premio, actuando un deles como presidente/a e outro como secretario con voz pero sen voto.

7

A resolución do xurado cualificador será inapelable e darase a coñecer no mes de setembro. O premio entregarase na XXXI edición da Feira do Moble de Galicia, que terá lugar no mes de setembro.

8

O xurado poderá declarar deserto o premio.

9

Os orixinais non premiados poderán ser devoltos previa solicitude, nun prazo máximo de trinta días a partir da data do fallo. A Fundación de Exposicións e Congresos resérvase o dereito de publicación dos traballos premiados.

10

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das bases.

